

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 17 de xaneiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D. Alberto Escariz Couso  
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 14 de xaneiro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

